

PROGRAMACIÓN DE CICLO EDUCACIÓN INFANTIL CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	2
2. CONTRIBUCIÓN DENEDE AS ÁREAS Ó DESENVOLVEMENTO DAS CCBB	3
3. OBXECTIVOS E CONTIDOS	5
4. ACTIVIDADES	12
5. TEMPORALIZACIÓN	14
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	15
7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	19
7. METODOLOXÍA.....	20
8. MATERIAIS E RECURSOS	21
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	22
10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC	23
11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA	24
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	28
13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	29

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A EEI Vilarrodís-Oseiro conta con dúas unidades: Un aula mixta formada por 11 alumnas/os que **se atopan** no 4º e 5º curso do 2º ciclo de Educación Infantil, e teñen tres e catro anos de idade, e por outra banda un aula de 6º curso do 2º ciclo de Educación Infantil formada por 10 alumnas/os que teñen cinco anos de idade.

Polo tanto, a información da que dispoñemos sobre eles é, por unha banda, a etapa evolutiva na que se atopan, denominada por Piaget, *Período Preoperatorio*, a cal se caracteriza pola intelixencia representativa, aparecendo tamén o pensamento intuitivo e sendo un punto intermedio entre o pensamento simbólico e operacional. Comezan con seriacións, clasificacións e avanza na reversibilidade. En canto a linguaxe, aparecen grandes avances na comprensión lingüística e a fala cada vez se asemella máis a do adulto.

A **xornada da escola** é continua, de 9:15 a 14:15 horas.

As **aulas** nas que imos traballar contan cos suficientes recursos materiais para poder realizar todas as actividades que nos plantexamos. Están **distribuídas por recunchos**, tendo en conta as medidas de seguridade contempladas no Plan de adaptación á COVID 19 da escola, como por exemplo:

- Recuncho da biblioteca.
- Recuncho das construcións e quebracabezas.
- Recuncho da casa: bonecas e cociña.
- Mesas de traballo (varias mesas redondas ou hexagonais con 3 ou 4 alumnas ou alumnos cada unha, sendo estable a distribución).
- Recuncho da alfombra: materiais para realizar a asemblea e o Encerado Dixital Interactivo.

En canto á **conexión coas familias**, esta verase modificada no presente curso pola situación sanitaria actual. Así, e seguindo unha vez máis co Plan de adaptación á COVID

19 do centro, a presenza das familias na escola verase moi mingüada, evitando actividades presenciais que supoñan a intervención de máis de unha familia.

Deste xeito, a comunicación con eles farase preferentemente a través de Abalar móbil, teléfono ou correo electrónico da escola e, no caso de ser precisa unha titoría presencial, esta farase con cita previa e nos espazos habilitados no centro para tal fin.

Ademais, co obxectivo de achegalos ao noso día a día na aula, valerémonos das bitácoras de aula con acceso privado, para compartir diferente información e algunhas das actividades realizadas.

Por último, cómpre mencionar as **actuacións a seguir no caso de período de actividade lectiva non presencial**. Así, tomando como base o Plan de Continxencia da escola, no caso de suspensión das clases presenciais realizarase o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos de xeito virtual a través dos bitácoras de aula. Ademais, facilitaráselles ás familias diferente material imprimible (ou impreso en caso de non contar con medios para elo) para que poidan realizar dende as casas, que poderá ser tanto dos cadernillos da Editorial Teide cos que contamos como outro material de elaboración propia. Tamén, no caso do alumnado cuxa familia avise de que se espera que vaia faltar á escola dúas semanas ou máis, se lles dará a posibilidade de pasar polo centro buscar material de actividades que esteamos a realizar na aula.

2. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS Ó DESENVOLVEMENTO DAS CCBB

Seguindo o establecido no Anexo II do currículo de educación infantil, que leva por título **O currículo de educación infantil e as competencias básicas**, e recollendo a repercusión que deben ter as competencias básicas sobre a metodoloxía, procuramos ter en conta as competencias básicas nos puntos seguintes:

1. Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación, representación, interpretación e

- comprensión da realidade. (Competencia en comunicación lingüística)
2. Coñecer e respectar as normas que rexen os intercambios comunicativos. (Competencia en comunicación lingüística e Competencia social e cidadá)
3. Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario axeitado a súa idade. (Competencia en comunicación lingüística)
4. Poñer en práctica procesos de razoamento para resolver problemas cotiás. (Competencia matemática; Autonomía e iniciativa persoal: Competencia para aprender a aprender)
5. Coñecer o manexo dos elementos matemáticos básicos (números, medidas, símbolos, elementos xeométricos etc) en situacións reais da vida cotiá. (Competencia matemática)
6. Fomentar o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e a protección da saúde individual e colectiva. (Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico; Autonomía e iniciativa persoal; Competencia para aprender a aprender)
7. Desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal en ámbitos de saúde e consumo que xeran o benestar propio e o do demais. Adquirir hábitos de expresión e control de emocións e sentimentos. (Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico; Autonomía e iniciativa persoal)
8. Explorar obxectos e materiais, intervir sobre eles e producir cambios, transformacións observar os resultados e anticipar e predecir posibles consecuencias. (Competencia no coñecemento e a interacción con mundo físico; Autonomía e iniciativa persoal; Competencia para aprender a aprender)
9. Coñecer e utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. (Tratamento da información e competencia dixital)
10. Construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos.

(Competencia social e cidadá)

11. Expresar as propias ideas en distintos contextos, escoitar as alleas e respectar o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio. (Competencia en comunicación lingüística; Competencia social e cidadá; Competencia para aprender a aprender; Autonomía e iniciativa persoal)

12. Comprender e valorar as diversas manifestacións culturais e artísticas. (Competencia cultural e artística; Competencia para aprender a aprender; Autonomía e iniciativa persoal)

13. Utilizar a observación, a manipulación e a experimentación para coñecer mellor o mundo que os rodea. (Competencia en coñecemento e a interacción co mundo físico; Competencia para aprender a aprender; Autonomía e iniciativa persoal)

14. Ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo cos propios obxectivos e necesidades. (Competencia para aprender a aprender; Autonomía e iniciativa persoal)

15. Fortalecer a propia autonomía para analizar, valorar e decidir desde a confianza en si mesmo e o respecto polas demais persoas. (Competencia para aprender a aprender; Autonomía e iniciativa persoal)

3. OBXECTIVOS E CONTIDOS

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivos

- Explorar as posibilidades motrices utilizándoas coordinadamente e adecuándoas ás diversas situacións de actividade cotiá.

- Utilizar os sentidos para percibir algunha propiedade dos obxectos.
- Recoñecer e relacionar partes do corpo e pezas de vestir.
- Discriminar a roupa máis axeitada dependendo da estación.
- Identificar e expresar os propios gustos e preferencias.
- Comprender a importancia da alimentación para a saúde.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- Manter unha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.
- Adquirir hábitos de autonomía: abotoar e desabotoar a chaqueta, atar e desatar os zapatos.
- Establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas cos compañeiros.
- Adquirir nocións básicas de orientación temporal

Contidos

- Partes do corpo. Discriminación das partes principais do corpo. Participación en xogos que afiancen a dominancia lateral. Establecemento de relacións entre as partes do corpo e a peza de vestir axeitada.
- Identificación dos cambios producidos polo paso do tempo. Aceptación da propia identidade, das súas posibilidades e limitacións.
- Valoración das condutas e os hábitos que favorecen a saúde. Expresión das preferencias persoais na alimentación. Iniciación en hábitos de alimentación saudables a partir dunha dieta equilibrada.
- Atención e memoria. Discriminación das semellanzas e diferenzas entre dúas escenas.
- A saúde e o deporte. Valoración das condutas que favorecen a saúde.
- Realización de xogos para a exercitación da motricidade fina.
- Evocación de feitos, acontecementos e vivencias persoais.

- Valoración do traballo ben feito, tanto propio coma alleo.
- Educación emocional: A tristura, o enfado, a avaricia, a valentía, a envexa, a resolución de problemas, a mentira, o respecto.

COÑECEMENTO DO MEDIO

MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

Obxectivos

- Recoñecer e iniciarse no trazo dos números 1,2,3,4,5, 6, 7, 8 e 9.
- Realizar series lóxicas numéricas de catro elementos.
- Situarse no espazo atendendo a diferentes criterios.
- Experimentar as nocións de cantidade mediante a manipulación de obxectos
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Recoñecer as formas circular, cadrada, triangular, rectangular, romboide, cúbica, prismática, cilíndrica e esférica nos obxectos do contorno.
- Identificar posicións respecto a un referente.
- Comprender e utilizar os cuantificadores todos/ningún.
- Ordenar secuencias temporais.

Contidos

- Recoñecemento da serie numérica 1-9. Reconto de diversos elementos e asociación co número correspondente. Agrupacións de diversos elementos.
- Características dos obxectos. Clasificación de obxectos segundo sexan círculos, cadrados, triángulos ou rectángulos ou óvalos.
- Serie lóxica de tres elementos con dous atributos: cor e tamaño.
- Curiosidade e interese por explorar obxectos, contalos e comparalos.

- Ordenación das pezas dun quebracabezas para recompoñer unha escena.
- Realización de seriacións sinxelas.
- Apreciación da utilidade dos números na vida cotiá.

ACHEGAMENTO Á NATUREZA

Obxectivos

- Identificar as características da primavera e verán.
- Observar o proceso de nacemento e desenvolvemento das plantas.
- Comprender e desenvolver accións relacionadas co coidado e coa conservación das plantas.
- Coñecer a utilidade das plantas para as persoas.
- Discriminar algúns alimentos de orixe vexetal e coñecer as súas características.
- Aproximarse ao medio físico natural con actitudes de respecto, conservación e coidado.
- Recoñecer algúns cambios no medio físico e nos hábitos persoais relacionados coas estacións.
- Identificar os cambios meteorolóxicos que se producen no medio.
- Analizar as características básicas dos animais.
- Descubrir a utilidade dos animais para as persoas.
- Identificar a procedencia dalgúns alimentos de orixe animal.

Contidos

- As plantas. Recoñecemento das partes principais. Observación do seu proceso de desenvolvemento. Identificación de accións relacionadas co seu coidado e conservación.
- Recoñecemento das características máis significativas da primavera e do verán.

Curiosidade polos cambios e transformacións máis rechamantes do medio físico en relación co paso das estacións.

- Observación de fenómenos do medio natural. Relación do tempo atmosférico cos cambios na natureza.
- Características externas dos animais. Clasificación dos animais segundo o hábitat onde viven. Curiosidade polas características e funcións máis sinaladas dos seres vivos.
- Descubrimento da utilidade dos animais para as persoas. Desenvolvemento de hábitos de coidado e respecto polos animais do medio.
- Alimentos de orixe animal e vexetal. Valoración da importancia de ter unha dieta equilibrada.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

LINGUAXE VERBAL

Obxectivos

- Utilizar axeitadamente o vocabulario temático.
- Realizar trazos cada vez máis precisos.
- Describir distintos obxectos, escenas, acontecementos e situacións.
- Comprender o argumento dunha narración e dun poema.
- Recoñecer letras e palabras iguais.
- Familiarizarse coa lingua escrita mediante a observación e identificación de palabras.
- Comprender o argumento e a estrutura de narracións e de contos.
- Expresar con corrección os propios gustos, necesidades e desexos.

Contidos

- Emprego do vocabulario temático. Esfuerzo por adquirir un vocabulario correcto.

- Observación e descrición das escenas dun conto. Actitude de escoita e respecto nas distintas situacións comunicativas que se dan na aula.
- Comprensión de palabras con apoio gráfico. Valoración da funcionalidade da escritura na vida cotiá. Interese por coñecer e exercitar algunhas destrezas propias da comunicación escrita.
- Comprensión do argumento de contos e adiviñas. Interese polo argumento dos textos que se len na aula.
- Asociación de palabras que riman.
- Observación e descrición de láminas e imaxes.
- Valoración da funcionalidade da escritura.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar sentimentos, ideas e intereses propios.

LINGUAXE AUDIOVISUAL

Obxectivos

- Recoñecer un ordenador como fonte de información e algúns dos elementos que o compoñen.
- Facer un uso axeitado dos instrumentos tecnolóxicos.

Contidos

- Achegamento ás producións audiovisuais e instrumentos tecnolóxicos. Curiosidade polo uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento ao uso do ordenador e tableta como fonte de información e diversión. Valoración da utilidade destes instrumentos tecnolóxicos.
- Escoita e comprensión de historias, contos, narracións proxectadas por medios

tecnolóxicos.

LINGUAXE ARTÍSTICA

Obxectivos

- Discriminar e usar as diferentes cores.
- Coñecer, valorar e interpretar algunhas obras artísticas da tradición cultural.
- Explorar distintas técnicas plásticas e materiais para realizar creacións artísticas persoais.
- Empregar correctamente os utensilios plásticos básicos.
- Identificar as calidades do son.
- Reproducir cancións tradicionais e de nova creación.
- Identificar visual e auditivamente instrumentos musicais.
- Identificar os sons de distintos animais.

Contidos

- Discriminación e uso e experimentación coas distintas cores.
- Experimentación plástica a partir da observación de obras de arte. Interese por coñecer algunhas obras de arte.
- Utilizar as técnicas plásticas: grafismo, colaxe, pintura soprada, témpera e sal, e debuxo en cuadrícula e creativo. Coidado e respecto polo material da aula.
- Interpretación dun código para identificar sons graves e agudos. Discriminación de sons de animais, segundo sexan graves ou agudos.
- Aprendizaxe e gozo de cancións.
- Identificación dos animais evocados nunha audición. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.

- Identificación visual e sonora de instrumentos musicais.
- Respecto e valoración do diferente grao de achegas de cada alumno.

LINGUAXE CORPORAL

Obxectivos

- Participar na preparación de actividades de dramatización e actividades baseadas na linguaxe corporal.

Contidos

- Reprodución de xestos e movementos para recrear unha situación proposta.
- Interese e gozo cos xogos e coas actividades baseadas na linguaxe corporal.

4. ACTIVIDADES

Na planificación das actividades realizadas ao longo das xornadas procurarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos do grupo (descanso, alimento, actividade...) e a conveniencia de manter rutinas diarias que lles poidan servir de marcos de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais. Por outro lado, manter unha rutina de actividades estables, aínda que o suficientemente flexibles para dar cabida ás necesidades e intereses individuais, permitiralles aos alumnos ser conscientes do traballo que deben realizar en cada momento sen necesidade de alterar demasiado o ritmo da clase explicando as tarefas.

Para a temporalización das actividades diarias, teranse en conta os seguintes parámetros:

- Partir do momento evolutivo dos nenos do grupo, axustando as tarefas ás súas

posibilidades de atención e traballo.

- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.
- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase.
- Ter en conta os ritmos individuais dos alumnos.
- Adecuar as tarefas que se van realizar á distribución espacial e aos recursos materiais e persoais con que conta o Centro.
- Axustar a distribución de actividades aos criterios de organización xeral do Centro.

Para o desenvolvemento das diferentes situacións de ensinanza-aprendizaxe plantexaremos diversos tipos de actividades que respondan ás distintas necesidades e desenvolvan as diferentes capacidades dos nenos e as nenas.

- **Actividades motivadoras:** requiren coñecer os intereses, ideas e opinións dos nenos e as nenas sobre os contidos que se van desenvolver.

- **Actividades de desenvolvemento:** son as que teñen en conta os coñecementos previos, a motivación, o grao de desenvolvemento das diferentes capacidades, os recursos, o tempo para realizalas... Dentro destas actividades pódense incluír:

- **Actividades previas**, destinadas a iniciar a aprendizaxe.

- **Actividades de ampliación**, para alumnos de aprendizaxe rápida.

- **Actividades de reforzo**, dirixidas a consolidar as aprendizaxes.

- **Actividades alternativas**, propostas para alumnos con problemas de aprendizaxe.

5. TEMPORALIZACIÓN

PROGRAMACIÓN SEMANAL

Temporalízanse as actividades de ensino-aprendizaxe en unidades didácticas e/ou

proxectos de traballo que poderán desenvolverse ao longo de 2 , 3 ou 4 semanas, e algún poderá desenvolverse ao longo de todo o curso.

No tratamento destes temas pártese do máis próximo e achegado aos alumnos para avanzar cara cuestións máis afastadas do seu medio inmediato.

Os proxectos de cada trimestre están precedidos de actividades que responden a todos os aspectos temporais que suceden durante este: estacións, festividade e días especiais.

ACTIVIDADES DIARIAS

En consecuencia, as actividades de ensino-aprendizaxe seguirán unha secuencia de rutinas que axudará os nenos a organizar o tempo que están na escola e recóllese, entre outras, a necesidade de reservar tempos específicos para as seguintes actividades:

- **Tempo de asemblea:** actividades propias da entrada e do recibimento do grupo; planificación colectiva co adulto do traballo que van facer durante a xornada. Momento de traballar as emocións e de conversar grupalmente.
- **Tempo de traballo individual:** realización das actividades acordadas axudados pola mestra.
- **Tempo de recunchos:** realización de actividades lúdicas e de pequenas investigacións, de acordo cos intereses individuais dos alumnos.
- **Tempo de limpeza:** actividades como recoller e ordenar os materiais utilizados, gardar os traballos non acabados, etc.
- **Tempo de traballo en pequenos grupos:** realización de actividades nos subgrupos de aula.
- **Tempo de actividades motrices:** propostas relacionadas co desenvolvemento psicomotriz.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Establecemos uns criterios de avaliación que nos serven para orientar a nosa acción educativa, xa que son unha referencia do que o/a alumno/a vai traballar. Avaliase se conseguiu ou non unha aprendizaxe concreta. Os criterios de avaliación refírense ao contido traballado na unidade. Algúns avalían aspectos amplos; outros avalían aspectos máis concretos. Pódense referir a actitudes, procedementos ou conceptos. Cada unha das áreas ten os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, os que pasamos a detallar a continuación:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Mostrar coordinación, axilidade e equilibrio nos movementos corporais.
- Manifestar un progresivo control postural.
- Coñecer e utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo.
- Mostrar confianza nas propias capacidades.
- Ter unha imaxe axustada de si mesmo, coas súas posibilidades e limitacións.
- Valorarse de forma positiva a si mesmo e aos demais.
- Participar e colaborar con compañeiros e adultos mostrando actitudes de colaboración e respecto.
- Participar activamente en diversos tipos de xogos e actividades.
- Realizar distintos desprazamentos

- Progresar na coordinación e no control das habilidades manipulativas de carácter fino.
- Coñecer e utilizar as normas de comportamento en distintas situacións e espazos.
- Establecer vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.
- Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Mostrar autonomía e iniciativa na adquisición de hábitos e condutas relacionados co coidado persoal, coa hixiene, coa saúde e co benestar.

COÑECEMENTO DO MEDIO

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos en coleccións segundo distintos criterios.
- Manifestar interese por explorar os elementos do medio mediante actividades manipulativas, establecendo relacións entre as súas características e o seu comportamento físico.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximarse ao seu valor notacional e conceptual.
- Coñecer e identificar as formas planas e os corpos xeométricos seguintes: o círculo, o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o rombo, o cubo, o prisma, o cilindro e a esfera.
- Manexar nocións básicas espaciais (arriba/abaixo, dentro/fóra, preto/lonxe...), temporais (antes, despois, pola mañá, pola tarde...) e de medida (pesa máis, é máis longo...).
- Mostrar curiosidade, respecto e coidado cara á comprensión do medio físico e social.
- Identificar e nomear os compoñentes principais do medio natural.
- Valorar a importancia do medio natural para a vida humana.
- Observar os cambios e modificacións dos elementos do medio.
- Identificar os factores que inflúen nas transformacións do medio.

- Relacionar as características do medio físico e as formas de vida dos seus habitantes.
- Mostrar actitudes de coidado e respecto cara á natureza participando en actividades para a súa conservación.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu medio.
- Coñecer as características básicas e os principais servizos comunitarios que ofrecen os grupos sociais máis próximos.
- Integrarse e participar nalgúñas formas de organización social, acomodando a súa conduta aos principios, valores e normas que as rexen.
- Identificar e valorar as características e manifestacións culturais do seu medio.
- Coñecer e respectar sinais de identidade e elementos doutras culturas.
- Establecer vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Expresarse e comunicarse oralmente con suficiente claridade e corrección para levar a cabo diversas intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións...).
- Mostrar interese pola utilización da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflitivas, comunicar os estados anímicos e compartilos cos demais.
- Comprender as mensaxes, relatos, producións literarias, explicacións e informacións que lle permitan participar na vida da aula.
- Mostrar unha actitude de escoita atenta e respectuosa cara ás opinións e intervencións dos demais.
- Iniciarse no respecto da quenda de palabra.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Coñecer as posibilidades e funcionalidade da linguaxe escrita na vida cotiá como medio

de comunicación, información e gozo.

- Mostrar atención e curiosidade polos actos de lectura e manifestar gradualmente o desexo de aprender a ler.
- Interesarse por explorar algunhas características básicas do código escrito e participar nas situacións de escritura que se producen na aula.
- Facer un uso axeitado do material escrito: libros, xornais, cartas, etiquetas...
- Expresarse e comunicarse por medio de diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástica e corporal.
- Gozar coa experimentación e coa exploración das posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- Manifestar unha progresiva sensibilidade estética e mostrar actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios.
- Mostrar interese por compartir as experiencias estéticas e valorar as producións artísticas propias e dos demais.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En Educación Infantil, a avaliación é **global, continua, e de carácter formativo**.

O principal instrumento de avaliación en Educación Infantil é a **observación directa**.

Observamos actitudes, destrezas e procedementos empregados na resolución de actividades e anotamos os datos observados. Ademais contamos co **traballo realizado** polo/a neno/a ao longo do trimestre. Valoramos as fichas, os cadernos, as actividades realizadas na clase e a participación que foi tendo en cada unha delas.

Establecemos uns **criterios de avaliación**. Estes sérvenos para orientar a nosa acción educativa, xa que son unha referencia do que o/a alumno/a vai traballar. Avalíase se conseguiu ou non unha aprendizaxe concreta. Os criterios de avaliación refírense ao contido traballado na unidade. Algúns avalían aspectos amplos; outros avalían aspectos máis concretos. Pódense referir a actitudes, procedementos ou conceptos. Cada unha das áreas ten os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Ademais tamén avaliaremos os espazos, os tempos, os materiais e ata a nosa práctica docente.

Temos que facer referencia tamén, ao **boletín de avaliación**, que é a información que se lle dá aos pais e nais sobre as aprendizaxes conseguidas polo seu fillo/a, o ritmo de aprendizaxe e a valoración do desenvolvemento alcanzado. Avalíase ao finalizar cada trimestre.

No boletín de avaliación reflíctense os aspectos da aprendizaxe do nenos e nenas máis xerais e significativos dese trimestre. Os criterios de avaliación que se utilizan son máis xerais .

Contamos ademais coa información obtida ao observar como se desenvolven os/as alumnos/as noutros momentos escolares, nos xogos do patio, nos momentos de acollida (chegada ao colexio) e recollida (saída do colexio) ou no ximnasio. E a información proporcionada polos pais e nais e obtida en entrevistas coa titora ou outros membros do equipo docente.

8. METODOLOXÍA

Ofreceránselle aos nenos e nenas experiencias que faciliten o desenvolvemento de capacidades e aprendizaxes que lle permitan ser cada vez mais **autónomos/as**.

Partiremos dos seus coñecementos previos e tendo en conta a **ZDP**. Polo tanto,

plantexaremos actividades e experiencias que polo seu interese podan relacionar coas experiencias anteriores.

Ademais, propónse unha secuencia de aprendizaxe dende unha **perspectiva globalizadora**. Non obstante, segundo a necesidade de distribuír a aula en áreas de traballo, programar obxectivos e contidos, e desenvolver procedementos, consideraremos actividades psicomotrices, de linguaxe, de lóxica-matemática, plásticas, artísticas e de dramatización.

Estruturarase todo arredor do **xogo**, que pola súa significatividade ten un importante factor motivacional. Empregaremos o xogo para observar, explorar, descubrir, comunicarnos, relacionarnos, etcétera, converténdose no motor de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e nun recurso didáctico en todas as áreas.

Ademais do xogo, tamén o **conto** desempeñará un papel esencial, xa que o consideramos imprescindible para fomentar o desenvolvemento da comprensión e a expresión verbal, para facilitarles aos nenos/as a interpretación da realidade, para que adquiran actitudes, valores e normas, etc. De maneira que traballaremos o conto, a través do cal se propoñerán distintos xogos e actividades relacionados cos contidos das unidades ou proxectos, o desenvolvemento de hábitos e a intelixencia emocional.

Os **aspectos afectivos** e de relación serán o fío condutor das actividades, manténdonos no papel de dinamizadoras, escoita, respecto ante o dereito a equivocarse, de reforzo positivo etcétera. Consideramos como obxectivo fundamental na tarefa de educar, o conseguir un desenvolvemento integral e equilibrado da personalidade do/a alumno/a. Non se pode esquecer o mundo das emocións e os sentimentos, que tanto inflúen na conduta. A educación das emocións irá encamiñada a detectar o estilo emocional dos nenos e as nenas, como expresan as súas emocións, como inflúen na súa conduta, como desenvolven a súa capacidade de recoñecer as emocións propias e as dos demais, e en aprender a controlalas.

Algúns dos obxectivos que abordamos en relación ás emocións son:

- Recoñecer e identificar progresivamente as emocións propias e saber expresalas.
- Saber controlar as emocións prontas como elemento de autorregulación.
- Valorar e respectar as emocións e os sentimentos propios e os dos demais.
- Recoñecer e aceptar as propias limitacións.
- Adecuar o seu comportamento ás necesidades dos outros, desenvolvendo o respecto, a xenerosidade e a colaboración.

9. MATERIAIS E RECURSOS

Contamos cunhas aulas amplas con material e mobiliario de carácter ordinario nun centro educativo, e material máis específico adaptado á idade dos nenos e nenas e ao tipo de traballo que aquí se desenvolve. Os materiais constitúen un instrumento importante para o desenvolvemento da tarefa educativa; son utilizados para levar a cabo a actividade, o xogo e a aprendizaxe. Os nenos e as nenas aprenden a través das distintas experiencias e necesitan, polo tanto, diversos materiais para desenvolver esas experiencias. Contamos con: materiais para o desenvolvemento do currículo, materiais impresos, ordenador e outros materiais informáticos, para o xogo simbólico, para o desenvolvemento da linguaxe, para a lóxica-matemática, materiais de desenvolvemento de actividades artísticas e plásticas, etc. As clases están organizadas de xeito que os nenos teñen acceso libre ao seu material individual, gardado este nunha gabela.

Contamos con varias zonas diferenciadas (xogo simbólico, biblioteca, espazo para o traballo individual, gabetas de material...) que se adecúan ás necesidades dos/as nenos/as ao longo da xornada para que poidan realizar distintos xogos e actividades en pequenos grupos e individualmente. Espazos que ademais irán variando ao longo do curso para

adaptalos a cada momento, adecualos ás unidades e/ou proxectos e ás propostas de actividade, para incorporar novas propostas, para adaptarse aos cambios estacionais, etc. Recorreremos, dacordo co horario establecido, a outros espazos e material do centro, aínda que no presente curso estes se verán restrinxidos á sala de psicomotricidade e ao recreo.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un principio que debe inspirar a organización e o funcionamento dos sistemas educativos, pois a diversidade é unha característica inherente ao xénero humano. En Educación Infantil deberase darlles resposta a todos os alumnos independentemente das súas capacidades, lugares de orixe, etcétera.

A atención á diversidade non só vai dirixida a aqueles alumnos que mostran dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, suxírense, para cumprir coa atención á diversidade:

- Propostas de actividades con diversos graos de realización (reforzo e ampliación).
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo e individual.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada.
- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.

- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas...).

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación están cada vez máis presentes na vida dos nenos e das nenas de Educación Infantil, por iso, é importante telas en conta como recurso na acción didáctica. O seu uso e aplicación debe estar adaptado á idade dos nenos, ademáis de requirir dun tratamento educativo que os inicie na comprensión das mensaxes audiovisuais.

Nas aulas de educación Infantil traballaremos as TIC cos seguintes obxectivos:

- Estimular a creatividade.
- Experimentar e manipular.
- Respectar o ritmo de aprendizaxe .
- Traballar en pequenos grupos favorecendo a socialización.
- Estimular a curiosidade e o espírito de investigación.

As diferentes medidas para estimular o uso das tecnoloxías da información e da comunicación que propoñemos son:

- A familiarización coa máquina, periféricos e programas.
- O coñecemento das posibilidades de acceso, lectura, observación da información.
- O uso de opcións sinxelas de programas de debuxo.
- A formación de criterio para escoller o programa ou ferramenta adecuados a unha finalidade.
- O uso das TIC para intercambiar información e interactuar con persoas ou grupos.

- O uso das TIC como ferramenta para a aprendizaxe de contidos curriculares.
- A colección, clasificación, ordenación de información.
- A valoración das diferentes necesidades dos nenos.
- A adecuación dun espazo na aula ou no centro para as actividades que requiran o uso das TIC.
- A iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe.
- O progresivo achegamento a diferentes producións audiovisuais dende unha perspectiva crítica coa súa estética e o seu contido.
- A progresiva incorporación das TIC aos diferentes procesos da práctica educativa.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES

De acordo ó Plan de Convivencia do centro, elaborado en base á Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 que a desenvolve, contribuímos a este con diversas actividades e rutinas diarias de aula.

En todas elas están implicadas a transmisión de valores como a responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a liberdade persoal, o respecto, a xustiza, a igualdade ou a resolución pacífica de conflitos, sinalados na LOE-LOMCE e no Decreto 330.

Así por exemplo contribuímos en:

- **Rutinas:** lavado de mans cinco veces ó día de acordo ó Protocolo COVID-19 para protexernos e protexer ós demais do contaxio, establecendo normas de aula e centro, co “Préstamo de libros” que levan de forma semanal á casa, no xogo libre (tempo propicio para observar as relacións que establecen entre eles)...

- **Proxectos:** coidar a horta, reducindo o consumo de plásticos recomendando ás familias a utilización de botellas de auga reutilizables, reciclando envases nos seus contenedores correspondentes,... ou outros proxectos que poidan xurdir ó longo do curso.
- **Actividades:** concretas como a celebración de conmemoracións como o Día contra a Violencia de Xénero, ou outras planificadas en torno ás unidades e proxectos de aula nas que se forman grupos colaborativos,...

En tódalas súas vertentes traballamos os valores de forma transversal, axudando ó desenvolvemento social do alumnado e, por conseguinte, ó desenvolvemento integral.

- **Educación cívica:** fomentando a convivencia, a solidariedade, a paz, a cooperación e o respecto ós demais, para axudar a:

- Coñecer e aceptar as normas de convivencia no contorno máis próximo.
- Adquirir hábitos de conduta persoais coherente cos principios e normas establecidos.
- Asumir as normas sociais orientadas a facilitar a convivencia, o benestar colectivo, a solidariedade,...
- Respectar ós demais compañeiros e adultos do centro, empregando o diálogo como técnica para resolver os conflitos.
- Adquirir hábitos cooperativos para sentirse seguros e aceptados polos demais.

- **Educación para a igualdade de sexos:** tratamos de eliminar estereotipos sexistas presentes en moitos ámbitos da nosa sociedade e polos que están influídos, traballando na

coeducación e a discriminación positiva a través de contos, vídeos ou cancións, así como tamén no trato diario:

- Crear espazos ou recunchos de xogo na aula para favorecer a vivencia a través da simbolización de ambos os roles.
- Percibir como algo natural que ámbolos sexos presenten calquera das actividades diarias.

- **Educación ambiental**: co que tentamos axudalos a poñerse en relación co medio establecendo unha relación positiva de valoración e respecto polo contorno. Para iso, estamos inmersas no proxecto de Voz Natura tratando de formar persoas críticas co seu contorno, solidarias cos problemas sociais e conscientes do seu papel como membros da sociedade:

- Desenvolver conciencia ambiental e sensibilizarse polas cuestións ambientais.
- Adquirir de diversas experiencias en relación co medio.
- Participar en actividades en defensa do medio.

- **Educación para o consumidor**: coa que pretendemos que o noso alumnado adquira unha actitude responsable e crítica cara o consumo, descubrindo as necesidades reais persoais e tratando de prescindir das superfluas.

- Valorar o coidado dos xoguetes e outros materiais.
- Restringir as peticións con motivo de festas, aniversarios, etc.
- Evitar abusos na comida e non ser selectivo.

- **Educación viaria**: coa que pretendemos xerar hábitos e actitudes correctas na relación co contorno, actitudes de conciencia cidadá. Isto implica coñecer as normas elementais para moverse polos espazos públicos. no que participa tamén o concello da vila.

- Recoñecer por onde atravesar a rúa.
- Situar a propia casa e a rúa onde está situada.
- Interpretar as cores do semáforo.
- Identificar a Policía Local.

- **Educación para a saúde**: fomentando nos nenos e nenas hábitos de alimentación saudable, coidado e hixiene:

- Concienciarse da necesidade de levar unha dieta equilibrada.
- Coñecer o propio corpo, as súas limitacións e potencialidades.
- Desenvolver unha progresiva precisión e control no movemento e participación de actividades grupais.
- Concienciarse dalgúns dos perigos da actividade cotiá, sen crear medos nin inseguridades.
- Desenvolver hábitos de hixiene persoal e saúde.
- Relacionarse positivamente co resto de alumnos e alumnas dos equipos de aula, comprendendo roles, intereses, motivacións,...

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante este curso académico 2020-2021, debido á situación sanitaria que estamos a vivir e co fin de non correr riscos e garantir ó máximo posible a saúde do alumnado e profesorado do centro, valoramos non realizar ningunha actividade complementaria.

Sen embargo, e como excepción, seguiremos co programa “Perros y letras” pendente do curso pasado, que se desenvolverá na primavera no patio do centro e baixo un estrito protocolo.

No caso de que a situación cambie e se podan realizar, darase a pertinente comunicación á inspección e ao Consello Escolar.

Sen embargo, si que realizaremos na escola algunhas festas populares e conmemoracións, tendo en conta os días de obrigada conmemoración establecidos no calendario escolar.

Estas faranse sempre nos grupos burbulla sen mesturarse, e serán:

- Magosto(22 de outubro)
- Samaín (31 de Outubro, a celebrar na escola o venres 29 de outono)
- Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de Novembro)
- Nadal e Inverno (21 de Decembro)
- Día escolar da Paz (30 de Xaneiro, a celebrar o luns 31)
- Entroido (semana do 87 ao 11 de Febreiro)
- Día internacional da Muller (luns 8 de Marzo)
- Semana do Libro (19 ao 22 de Abril)
- Letras Galegas (9 ao 13 de maio)
- Día do Medio Ambiente (5 de xuño)
- Verán (22 de Xuño)

En todo momento priorizaremos o uso das zonas exteriores para conmemoracións e celebracións.

Neste epígrafe salientamos a continuación do programa Voz Natura no que as actividades da horta teñen un lugar destacado.

As actividades complementarias teñen un marcado carácter educativo. Na maior parte delas realizarase un traballo previo ás mesmas, durante e despois, co fin de afianzar os obxectivos e contidos que se pretenden acadar.

A temporalización das actividades que aquí se describen é orientativa e está suxeita a modificacións de carácter organizativo.

En relación ás actividades extraescolares, e segundo a lexislación vixente, a escola debe facilitar a realización destas actividades organizadas polo Concello fóra do horario lectivo para todos os nenos e nenas do centro.

O Concello oferta unha actividade lúdica en horario de 17:00 a 18:00 os martes, pendente de concretar a súa realización si se apuntan suficientes nenos (5 mínimo).

PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
<p>XOGAMOS</p> <p>Técnicas de psicomotricidade a través de xogos</p>	<p>CANTAMOS</p> <p>Técnicas básicas de educación musical, familiarización con instrumentos musicais e cancións infantís</p>	<p>FALAMOS</p> <p>Conceptos de idioma estranxeiro (inglés) para a adquisición de vocablos adaptados ao nivel dos participantes</p>

Así mesmo, os nenos e nenas da escola teñen a posibilidade de participar nalgunha actividade realizada no CEIP Galán.

14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Avaliamos o proceso de ensinanza para determinar como se vai desenvolvendo a programación de aula, detectando posibles problemas que xurdan no camiño e poder aplicar así as modificacións e melloras precisas durante o proceso.

Para elo empregamos diferentes procedementos con diferentes suxeitos:

- **Alumnado:** analizando as súas producións así como opinións en conversas e diálogos con respecto ó traballo, material, centros de intereses traballados ou actividades realizadas.
- **Familias:** mantendo contactos telefónicos preferentemente ou de forma presencial, conversando dos progresos e avances dos seus fillos e fillas, así como atendendo a suxestións ou valoracións con respecto ó traballo desenvolto.
- **Profesorado:** contrastando experiencias e situacións co resto de especialistas nas reunións de ciclo, nas sesións de avaliación inicial e trimestrais, nas titorías coas familias,... intercambiando información, analizando e reflexionando sobre posibles melloras e modificacións das propostas de aula. Así mesmo, temos o diario de aula onde anotamos, ademais de anécdotas, condutas ou o traballo diario, tamén reflexionamos sobre posibles melloras da programación.

ANEXO – ADAPTACIÓN Ó CONTEXTO COVID

As medidas para adaptarnos a situación Covid están reflexadas nos distintos documentos de centro (Plan de acollida, Plan de Adaptación a situación Covid e Plan de Continxencia)